

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE NOVEMBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licencias de obras.

FAVORABLES

146/06.- Amadeo Carollo Miramontes.- Legalización de planta de soto na viv. unif. executada en Agualada, Marantes.

DENEGADAS

467/06.- Promociones Fernández Taboada, S.L.- Reconstrución de planta baixa, soto primeiro e segundo e adición dun novo soto terceiro na rúa Carreira do Conde, núm.4.-

APERTURAS

Lap/24/06.- Eurográficas Pichel, S.L.- Apertura de imprenta en Boisaca, parcelas 29,30 e 31 do SUNP-34.

Lap/314/04.- Talleres Cholo, S.L.- Taller de reparación de automóviles na rúa San Marcos, núm.14.-

OCIHR

Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/1404/2006.- JOSÉ CASTELAO OTERO.- Rehabilitación de dúas vivendas na rúa de Sar, nº 64.-

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédense as diversas axudas solicitadas.

5.- Adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e executivo e dirección facultativa da reurbanización da rúa Montero Ríos (tramo Rosalía de Castro-Doutor Teixeira) e da reurbanización da rúa Doutor Teixeira (tramo Montero Ríos-Praza Ponte Castro).

Adxudícase a asistencia técnica á empresa EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA, S.L., por un importe de 127.600 euros.

6.- Adxudicación das obras de substitución de lucernarios na dársena da Estación de Autobuses (1ª fase).

Adxudícanse as obras á empresa MONTEBALSA S.L., por un importe de 51.900 euros.

7.- Adxudicación do servizo de organización e realización de dous seminarios de xestión e dinamización asociativa.

Adxudícase a realización dos dous seminarios a CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S.C., por un importe de 6.000 euros.

8.- Adxudicación do subministro e instalación de fibra óptica no Campo da Estrela - Centro de control da Policía.

Adxudícase o subministro e instalación á empresa TELVENT, por un importe de 11.596 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á prórroga do convenio asinado entre o Concello de Santiago e o Ministerio de Fomento para o financiamento das obras de mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Santiago de Compostela.

Acórdase a solicitude ao Ministerio de Fomento unha prórroga do devandito convenio ata o 31 de decembro de 2007, aos efectos de executar as obras correspondentes aos puntos quilométricos 61,995 ao 62,940 da N-550-a.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización para realizar horas extraordinarias por persoal do departamento.

Autorízase a realización das devanditas horas extraordinarias.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á adquisición de diverso material para o pavillón Pío XII.

Apróbbase a compra e instalación de material no pavillón por un importe total de 23.123 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á prórroga dos contratos do persoal docente e de coordinación de accións formativas do proxecto EQUAL COMPOSTELA SOCIAL para a 3ª fase de formación.

Apróbbase a prórroga dos contratos por un período de dous meses.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase o apoio ao proxecto empresarial Desarrollo y Gestión de la Cultura del Entorno S.L., presentado por Juan Ángel Anca Calvo, como iniciativa local de emprego.

14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación de voluntarias "SAN VICENTE DE PAUL" para 2006.

Procédese á xustificación do convenio, por un importe de 3.005 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á ordenación dos servizos de transporte comarcal na rúa da Rosa.

Acórdase que os servizos de transporte urbano e comarcal que coinciden nesa parada se reordenen do seguinte xeito:

- Rúa da Rosa nº 8: servizos de transporte urbano.

- Rúa da Rosa nº 12: servizos de transporte comarcal do corredor de Cacheiras e Brión-Bertamiráns.

- Rúa da Rosa nº 16: servizos de transporte comarcal do corredor de Milladoiro e Sigueiro.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á concesión interurbana V-1598 e XG-100 da empresa AUTOS GRABANXA S.L.

Infórmase á Dirección Xeral de Transportes de irregularidades na concesión de transporte interurbano V-1598; XG-100, da empresa Autos Garabanxa S.L. e ínstase a este organismo a que paralice inmediatamente os servizos con percorridos urbanos non autorizados.

17.- Proposta relativa á autorización de ocupación de vía pública para o desenvolvemento da iniciativa de arte e espazo público "A cidade interpretada" promovida pola Concellería de Cultura.

Autorízase a ocupación da vía pública para a intervención do artista portugués André Guede, consistente no desprazamento en horario nocturno da escultura de Montero Ríos, dende a Praza de Mazarelos ata a Praza do Obradoiro, onde permanecerá durante un máximo de dous

días, para proceder a fotografar a peza no Obradoiro e o pedestal baleiro na Praza de Mazarelos.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á posta en marcha do Plan de Acción Local polo Emprego.

Apróbase o Plan de Acción Local polo Emprego 2006-2007 como documento marco onde se plasman os programas e proxectos desenvolvidos polo Concello de Santiago no ámbito da promoción do emprego.

19.- Dar conta da sinatura de convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e diversas entidades de carácter comercial.

Dáse conta da sinatura dos convenios de colaboración con Compostela Monumental, coa Fundación Santiago Centro, co Mercado de Abastos e coa Agrupación de Comerciantes de Santiago.

20.- Dar conta da sinatura de convenio de colaboración entre os Concellos das comarcas de Santiago e A Barcala e o Servizo Galego de Igualdade para prestar información ás mulleres e a promoción da igualdade.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, cun orzamento que, no caso do Centro de Información ás Mulleres de Santiago, ascende a 117.608 euros.

URXENCIAS

- Apróbase o inicio do procedemento de contratación para o subministro de instrumentos e outros accesorios para a Banda de Música, por un importe de 27.000 euros.

- Apróbase a adxudicación da prestación de servizos de asesoramento da bolsa de emprego do proxecto CREAR a Proxectos, Consultoría e Formación S.L., por un importe de 29.672, 15 euros.

- Apróbase a proposta da Alcaldía relativa ao aboamento de horas extraordinarias por persoal do Gabinete.

- Apróbase a proposta de actividades de formación no campo das novas tecnoloxías, software libre, informática básica, etc. para o centro sociocultural do Ensanche, por un importe de 10.048 euros.